



Concello de Cerdido
As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Convocatoria do I Concurso de mecos de entroido

Co gallo da celebración do entroido 2024 e motivado no interese de fomentar a participación nesta festividade de tódolos veciños e veciñas de Cerdido, o Concello de Cerdido convoca o I Concurso de Mecos de Entroido. O obxectivo do concurso é ambientar tódolos lugares do termo municipal con motivo do entroido contando coa participación veciñal.

BASES:

Primeira. Poderá participar no concurso calquera persoa que teña unha vivenda ou propiedade en Cerdido e se inscriba para participar no concurso, sempre que cumpra tódolos requisitos das presentes bases.

Segunda. Cada persoa poderá inscribirse para participar no concurso con un único meco da súa creación. As persoas que teñan un negocio ou establecemento no termo municipal e desexen participar no concurso poderán facelo aínda que tamén o fixeran a título individual, sempre que se trate de mecos diferentes e colocados en diferentes localizacións.

Terceira. Para optar ao premio haberá que expoñer un meco, de elaboración propia, situado nunha propiedade ou vivenda sita no termo municipal de Cerdido e que poida ser observado dende a vía pública.

Cuarta. As persoas que desexen participar no concurso deberán inscribirse nas oficinas municipais, na sede electrónica do concello ou enviando un correo a cultura@cerdido.es indicando o nome e apelidos da persoa inscrita, o lugar de colocación do meco, unha fotografía da creación e o nome do meco.

Quinta. A data límite para presentar as creacións e formalizar as inscricións será o vindeiro 12 de febreiro e os resultados das votacións publicaranse o martes 20 de febreiro na páxina web e redes sociais do Concello de Cerdido.

Sexta. A votación dos mecos será popular.

6.1 O Concello publicará as fotografías dos mecos inscritos nos seguintes medios: Facebook e grupo de WhatsApp do Concello de Cerdido. As votacións poderán realizarse a través da rede social Facebook, dándolle a “me gusta” ou “me encanta” na fotografía do meco que desexen elixir como merecedor do premio; a través da rede social WhatsApp valorando a fotografía do meco seleccionado e indicando o nome e apelidos da persoa que vota ou cubrindo unha papeleta física e depositándoa na urna que estará dispoñible a tal efecto nas oficinas municipais.

6.2 Calquera persoa poderá votar polo meco que lle pareza merecedor do premio, pero cada persoa poderá votar unha soa vez e por un único meco xa sexa na páxina do Facebook, no grupo de Whatsapp ou fisicamente na urna habilitada ao efecto nas oficinas municipais.



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira

15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



6.3 Para que os votos sexan considerados válidos as persoas que os realicen deberán poder identificarse. Os votos que se detecten que son duplicados non serán tidos en conta no recuento final.

6.4 O meco que reciba un maior número de votos será o elixido como merecedor do premio e o seu creador/a será nomeado para recibir o premio.

Sétima. Haberá unha modalidade de premio: O meco que reciba unha maior puntuación despois do recuento e da suma das puntuacións obtidas a través da rede social Facebook, do grupo de WhatsApp do concello e da urna física será elixido como gañador do concurso e o seu creador/a será nomeado co 1º premio e recibirá unha cesta con produtos de entroido.

Oitava. Para o recuento de votos, teranse en conta tódolos votos obtidos dende a publicación de cada fotografía ata o peche das votacións que será o 19 de febreiro as 14:00 horas. As valoracións realizadas despois das 14:00 horas do día 19 de febreiro non serán tidas en conta para o recuento de votos.

Novena. As persoas participantes do concurso aceptan coa súa inscrición as presentes bases e ceden o uso das imaxes dos mecos para que o Concello de Cerdido as poida publicar na páxina web, nas redes sociais e medios de comunicación que considere sempre coa finalidade de darlle publicidade ao concurso, así como para que poidan ser incorporadas ao expediente de Convocatoria do I Concurso de mecos do Concello de Cerdido.

Décima. A persoa designada como secretaria do concurso levantará unha acta dos resultados obtidos a través da puntuación popular na que fará constar a suma dos votos acadados por cada meco inscrito cos datos do seu creador/a e a proposta do que obteña a maior puntuación como gañador do concurso.